

## **GÁNDARA (Santa María)**

**Evaristo Domínguez Rial / Xosé M<sup>a</sup> Lema Suárez**

A parroquia de **Santa María de Gándara** é de notable extensión, pois ten case 14 km<sup>2</sup>. Formaba parte no Antigo Réxime da xurisdición señorial de Vimianzo e era acumulativa á xurisdición real de Soneira. O territorio parroquial está dividido en dúas metades polo cordal montañoso denominado Serra de Santiago, co ben contorneado Pico de Meda (566 m.). Este monte, que se atopa nos lindes das parroquias de Carreira e Gándara, é o punto máis alto de toda a Terra de Soneira, "cerne e rector das paisaxes desta Galicia", no dicir do xeógrafo e escritor Ramón Otero Pedrayo. Deste xeito, os lugares que integran a freguesía van quedar a un e a outro lado desta barreira montañosa: Gándara, Quintáns, O Sisto, Sobreira, Vilaestévez e O Vilar na zona oeste, en plena chaira soneirá; e Budián, Parga e Vilar Ramilo na zona leste, no curso alto do río do Sisto, a corrente fluvial máis importante que máis adiante vai formar o río do Porto, impropriamente chamado Grande desde a década de 1960.

Está situada no extremo NE do concello de Zas, e, á súa vez, toca a tres concellos diferentes: Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba. Os seus lindes son: polo N, Nantón – nun só punto chega a tocar na de Anos (ámbalas dúas de Cabana); polo E, Cuns (Coristanco); polo S, Carreira e toca algo a Santa Sabiña (Santa Comba), e, polo O, San Cremenzo de Pazos.


Presenta unha forma que parece recordar a un romboide inclinado de NO a SE, se ben o borde oriental presenta formas ben irregulares, especialmente na zona de Pico de Meda que ten unha prolongación estreita cara o sur.

## **SUMARIO**

1. Relevo
2. Hidrografía
3. Xeoloxía
4. Demografía
5. A orixe dos nomes dos lugares de Gándara
6. Parroquia de senlleiras paisaxes: o Pico de Meda e as fervenzas do río Rabiñoso.
7. A igrexa parroquial de Santa María de Gándara
8. Dous interesantes cruceiros: o procesional e o do Sisto
9. Unha parroquia cunha gran riqueza arqueolóxica
10. Gándara nos documentos históricos
11. Festas parroquiais
12. Inventario dos bens do patrimonio de Gándara (PXOM)
13. Bibliografía básica



Mapas da parroquia de Santa María de Gándara. Fonte: PXOM de Zas.



## 1. RELEVO

Participa das mesmas formas de relevo que as de Zas, Mira e Carreira; é dicir, unha aliñación montañosa orientada de N a S e un val de formas planas compartido coas parroquias do concello que quedan ó N de Santo Adrián, San Martiño ou Santa Sía de Roma e coas de Nantón e Anos do concello de Cabana de Bergantiños.



Aba oriental do Pico de Meda, con Vilar Ramilo ó seu pé, Visto desde o NE.  
(Foto EDR)

Non obstante, a parroquia de Gándara presenta unha diferenza notoria coas limítrofes polo S posto que naquelas o seu límite oriental estaba no cordal montañoso de Pico de Meda sen sobrepasalo, mentres que no caso de Gándara esta aliñación montañosa corta a parroquia de N a S case pola metade.

Deste xeito varias serán as formas de relevo presentes en Gándara. Seguindo un trazado de E a O atopámonos, en primeiro lugar, cunha zona elevada con montañas de escasa entidade como O Cotón de Atrás (305 m, Nantón) e Cotón dos Oleiros ou de Ponte Oleiros (335 m, Cuns) que rodean á aldea de Budián. O Pión de Parga (373 m) e o Pión de Moucos (419 m), que abrigan a Parga polo leste. Este grupo de montes poden considerarse como un dos últimos rebordes setentrionais da meseta do Xallas.

Vén, de seguido, un profundo val de forma triangular co vértice principal ó sur de Parga, moito máis encaixado na zona de Parga que na de Budián que se continúa pola parroquia de Nantón e mesmo por parte da de Riobó (as dúas de Cabana de Bergantiños).

Dentro da parroquia foi aproveitado para ser atravesado por dúas correntes de auga que conformarán o río do Sisto, arteria principal que formará o río do Porto.



**Parte N do val de Soneira visto desde Pico de Meda. Foto EDR**



**Vista do Pico de Meda desde Sobreira, co seu perfecto perfil cónico (foto XMLS)**

Segundo avanzamos cara ó O atopámonos, agora, co cordal do Pico de Meda como punto culminante da parroquia, de todo o concello e da Terra de Soneira (566 m –561 m, segundo o

Mapa Topográfico Nacional de España 1:25.000; outros mapas, mesmo 567 m<sup>1</sup>-). Esta aliñación continúa cara o N para introducirse na parroquia de Nantón. O río do Sisto cortouna para que, unha vez superada, cambiar da dirección que levaba de S a N por outra de E a O.

O Cruceiro de Caión (498 m), Seixo Branco (432 m), Picón Vello (444 m), Pedras Grandes, Costa do Saltadoiro (406 m) ou o Bico da Cruz, cun excelente castro no seu cumo (354 m), son os cumes senlleiros desta cadea situados ó norte do Pico de Meda e ó sur do corte producido polo río. Pasado este en dirección N, temos a Costa dos Muíños co Picón do Sisto (298 m) ou o Picón de Doeña (334 m) xa nos lindes co concello de Cabana de Bergantiños. Tamén podería considerarse como unha das prolongacións cara ó N da meseta do Xallas á que supera en altitude uns poucos metros.

A metade occidental da parroquia presenta formas achanzadas integradas plenamente no val de Soneira con escasas diferenzas de altitude, que oscilan entre os 200 e os 220 m.. Nesta zona non hai ningunha elevación que salienta; se acaso algún pequeno desnivel aproveitado polo río para establecer o seu canle, especialmente no tramo que hai entre O Sisto e Sobreira.

## 2. HIDROGRAFÍA

Dous son os principais cursos de auga que a regan: o río do Sisto e o de Budián. O primixenio e máis importante –o do Sisto-, é a corrente fluvial que logo constituirá o río do Porto -impropiamente chamado Grande-, o gran colector das augas da Terra de Soneira. Este río -que antes aínda recibe localmente os nomes de río de Vilar Ramilo e río do Rabiñoso- nace en terras xalleiras, na parroquia de Santa Sabiña (Santa Comba), nas brañas do Rabete, ó sur da paraxe de Porto Ribeiro, que quedan ó SE do lugar dos Fornos, entre esta aldea e a dos Picotos.

Leva unha dirección S-N., que será claramente a predominante ata pasar a ponte do Sisto; a partir de aí predominará xa a E- O. Primeiro discorre a rentes de Vilar Queimado (aldea do concello de Santa Comba) e entre as de Vilar Ramilo (Gándara, Zas) e Moucos (Cuns, Coristanco), servindo de linde entre estes dous concellos durante máis de quilómetro e medio, ata chegar á fermosísima paraxe das fervezas do Rabiñoso, a partir das cales toma o nome de río do Rabiñoso e entra de cheo na parroquia de Gándara; unha vez sobrepasada a localidade de Parga recibe, pola dereita, outro aporte case tan importante coma el: o río de Budián.

A poucos centos de metros desas fontes orixinais nas brañas comeza a recibir emisarios pola súa esquerda, Todos levan unha dirección O a E e baixan de macizo de Pico de Meda. O primeiro deles cruza a aldea dos Fornos e xúntase co anterior case de xeito perpendicular. Salva un forte desnivel de case 100 m en pouco máis dun quilómetro de percorrido.

---

<sup>1</sup> O cartógrafo Domingo Fontán, durante a súa estada no antigo pazo de Follente a finais de 1823 para iniciar a ruta pola Terra de Soneira, tivo sempre presente o lugar privilexiado do Pico de Meda, ó que lle calculou unha altitude de 676 m; algo esaxerada, pero cómpre ter en conta os medios da época.



Fervenza do Rabiñoso, augas arriba (foto EDR)

Case de seguido xúntaselles o segundo regato cunhas características moi similares ó anterior -1,5 km de lonxitude e 150 m de desnivel-; xuntos seguen o seu curso en dirección N ata chegar á aldea de Vilar Queimado, onde se lle xunta o terceiro, tamén pequeno e con fortes pendentes -1 km e 140 m de desnivel-. Pola contra, a corrente principal leva un discorrer bastante máis tranquilo –uns 50 m de desnivel nos algo máis dos primeiros 3,5 km-

Pasado Parga recibe, pola dereita, un importante afluente. Trátase do río da Fervenza, de Budián ou do Muíño Vello (nomes polos que é coñecido). Ten as súas fontes preto da aldea de Varilongo e da casa da Columbia (Santa Sabiña, Santa Comba) e na lagoa da Fontecova (na antiga mina de caolín, Rego de Alás, Cuns, Coristanco); pasa logo preto das aldeas da Gandriña, da Balsa, do Rueiro e de Pazo da Trabe (Cuns) e de Budián (Gándara). Durante un tramo serve de linde entre as dúas parroquias, espazo no que ten que salvar un desnivel considerable -uns 40 m en medio quilómetro- polo que son frecuentes os saltadoiros (de aí a denominación de río da Fervenza).

Unha vez chegado a Budián adquire un discorrer moito máis pausado e recibe, pola esquerda, outra pequena achega (o rego do Porto ou do Meixón, procedente do Grixario, Cuns)) e, xa preto da xuntanza co do Sisto, outro minúsculo regato pola dereita que vén da zona do Seixal, (Nantón, Cabana). Xuntos van ó encontro do que viña de Parga, confluindo na paraxe da Carballa Vella, augas abaixo das dúas localidades anteriores. A partir de agora xa se lle chamará o río do Sisto, a principal arteria do río do Porto, como xa dixemos.



**Fervenza do Rabiñoso, augas abaixo. Foto EDR**

Un último afluente, pola esquerda, de escasa entidade, é o rego de Pontellas, que drena parte da ladeira occidental da cadea montañosa, principalmente a zona do Sisto e Quintáns. Xúntase co principal preto da aldea de Sobreira.

Da importancia da abundancia da auga e dos seus desniveis dános unha idea que xa polo 1753 no catastro de Ensenada figura unha relación de 17 muíños, máis que en ningunha outra parroquia do concello.




**O río do Sisto, inmediatamente despois de se xuntaren o que vén de Parga e o de Budián, en época de forte seca (outubro de 2017) Foto EDR**



**Antiquísima ponte de laxes, uns 300 m augas arriba da ponte do Sisto. Foto  
END**

### 3. XEOLOXÍA



[http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0\\_G50/Editado\\_MAGNA50\\_68.jpg](http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_68.jpg) e  
[http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0\\_G50/Editado\\_MAGNA50\\_69.jpg](http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_69.jpg)

A composición xeolóxica da parroquia de Gándara é relativamente complexa, como corresponde a zonas con distinta composición litolóxica que deu orixe ás diversas formas do relevo.

Comezando polo leste temos os montes que rodean Budián e Parga no seu borde oriental, unha banda lonxitudinal orientada de N a S **(1)**, moi similar a toda a correspondente á serra de Santiago **(2)**, formados principalmente por rochas intrusivas especialmente por granitos de dúas micas só que neste caso no mapa xeolóxico vén máis especificado dicindo que son de época hercínica e que o granito é de grao medio a groso tipo Dumbria e con zonas graníticas homoxéneas. É un tipo de pedra que presenta unhas magnificas calidades para ser usada na construción.

Entre ambas as dúas zonas elevadas estaría un val triangular de fondo plano que tería na aldea de Parga o vértice meridional, prolongándose cara o N por Budián (Gándara) Cazón, A Piolla, Denellón (as tres de Nantón, Cabana) e a parte meridional da parroquia de Riobó (Cabana). Estaría constituída sobre todo por migmatitas **(3)** de composición bastante parecida ó granito pero con textura orientada en bandas.

Á altura da aldea de Quintáns ten o extremo setentrional unha estreita banda **(4)** de xistos e paragneises do Precámbrico-Silúrico pertencentes ó dominio migmatítico e de rochas graníticas do Grupo de Laxe. Na parroquia de Gándara apenas se ten presenza (só entre Vilaestévez e Quintáns).

Paralela ás dúas anteriores e atravesando toda a parroquia de N a S aparece outro estreito e alongado afloramento (5) de xistos e paragneises con algunhas paranfibolitas e algo de porfiroblastos de plaxioclasas pertencentes ó complexo de Noia ou Fosa Blastomilonítica de época hercínica; é dicir que apareceron cando se produciu o pregamento herciniano de finais do Paleozoico.

Toda a parte occidental da parroquia, ó igual que nas súas veciñas do N e do S, estaría formada por gneises félsicos con retroecloxitas intercaladas (6) da mesma época e do mesmo grupo que a banda anterior.

Nas marxes dos ríos, especialmente onde levan un discorrer máis tranquilo -o do Rabiñoso á altura de Vilar Ramilo, o río do Sisto e o seu pequeno afluente o rego de Pontellas- serían chairas aluviais e de fondos de valgadas (7) correspondentes ó período holoceno do Cuaternario.

#### 4. DEMOGRAFÍA

A evolución demográfica da parroquia foi como segue: 40 veciños (1607), 64 vc. e 292 hab. (1753), 139 vc. e 869 hab. (xunto con Carreira, en 1791), 38 vc. e 228 hab. (1836), 42 vc. e 238 hab. (1845), 481 hab. (1928), 122 vc. e 621 hab. (1965).

Nas distintas décadas ó longo do século XX a poboación das distintas aldeas foi a seguinte:

|              | 1900 | 1910 | 1920  | 1630  | 1940  | 1950  | 1960  | 1970  | 1981  | 1991  | 1996  | 2000  |
|--------------|------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Budián       | 89   | 96   | 90    | 90    | 104   | 123   | 129   | 145   | 126   | 122   | 127   | 115   |
| Gándara      |      |      | 22    | 12    | 19    | 20    | 34    | 30    | 10    | 8     | 7     | 6     |
| Parga        |      |      | 33    | 28    | 46    | 50    | 53    | 59    | 36    | 31    | 31    | 31    |
| Quintáns     | 69   | 60   | 82    | 77    | 67    | 102   | 115   | 120   | 93    | 82    | 94    | 92    |
| Sisto (O)    | 158  | 133  | 158   | 175   | 183   | 225   | 202   | 213   | 163   | 135   | 153   | 142   |
| Sobreira     | 49   | 44   | 52    | 45    | 63    | 67    | 77    | 71    | 64    | 56    | 49    | 44    |
| Vilar Ramilo |      |      | 28    | 30    | 36    | 30    | 27    | 38    | 36    | 33    | 27    | 28    |
| Vilaestévez  | 58   | 66   | 107   | 99    | 86    | 102   | 114   | 117   | 99    | 85    | 88    | 89    |
| Outros       | 90   | 82   |       | 18    |       |       |       |       |       |       |       |       |
| GÁNDARA      | 522  | 481  | 552   | 574   | 649   | 719   | 751   | 793   | 627   | 552   | 576   | 547   |
| % PARROQUIA. | 100  | 92,1 | 105,7 | 109,9 | 124,3 | 137,7 | 145,8 | 150,0 | 120,1 | 105,7 | 110,3 | 104,8 |
| ZAS (CONC.)  | 5733 | 5347 | 6272  | 6275  | 7747  | 8004  | 8098  | 8471  | 7285  | 6560  | 6508  | 6212  |
| % CONCELLO   | 100  | 93,3 | 109,4 | 109,4 | 135,2 | 139,6 | 141,3 | 147,8 | 127,1 | 114,4 | 113,5 | 108,4 |


**Evolución da poboación das distintas aldeas, da parroquia e do concello en conxunto ó longo do século XX así como as porcentaxes tanto da parroquia como do concello. Ano 1900 = Índice 100%**

A evolución demográfica ó longo do século XX amósanos un paulatino aumento da poboación desde 1900 ata 1970, excepción feita de 1910, no que se acadou o índice de 150%; ou sexa a mesma poboación de 1900 e outra metade máis, para iniciar, logo, un paulatino descenso agás en 1996 no que se rompeu a tónica xeral. Evolución moi similar á que se deu no resto do concello.

Polo que respecta á poboación de cada unha das entidades, da parroquia en conxunto, do concello e as distintas porcentaxes no que vai do século XXI, a evolución foi a seguinte:

|                     | 2001         | 2002         | 2003        | 2004        | 2005        | 2006        | 2007        | 2008        | 2009        | 2010        | 2011        | 2012        | 2013        | 2014        | 2015        | 2016        | 2017        |
|---------------------|--------------|--------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| <b>Budián</b>       | 117          | 104          | 101         | 101         | 92          | 92          | 91          | 90          | 87          | 84          | 81          | 79          | 74          | 74          | 75          | 77          | 76          |
| <b>Gándara</b>      | 6            | 6            | 6           | 6           | 6           | 6           | 8           | 8           | 9           | 9           | 9           | 11          | 10          | 10          | 11          | 10          | 10          |
| <b>Parga</b>        | 29           | 28           | 28          | 25          | 25          | 23          | 22          | 22          | 22          | 22          | 22          | 19          | 19          | 19          | 18          | 18          | 18          |
| <b>Quintás</b>      | 90           | 85           | 85          | 83          | 83          | 82          | 81          | 77          | 76          | 75          | 68          | 67          | 64          | 64          | 64          | 65          | 68          |
| <b>Sisto (O)</b>    | 144          | 144          | 143         | 142         | 142         | 135         | 120         | 115         | 117         | 114         | 106         | 103         | 95          | 95          | 92          | 89          | 87          |
| <b>Sobreira</b>     | 47           | 45           | 43          | 42          | 43          | 41          | 41          | 38          | 37          | 40          | 40          | 36          | 33          | 33          | 32          | 34          | 31          |
| <b>Vilar Ramilo</b> | 29           | 29           | 29          | 28          | 25          | 25          | 24          | 23          | 23          | 22          | 22          | 20          | 19          | 20          | 20          | 19          | 20          |
| <b>Vilaestévez</b>  | 88           | 84           | 81          | 76          | 72          | 70          | 67          | 69          | 65          | 64          | 63          | 61          | 60          | 54          | 59          | 56          | 57          |
| <b>GÁNDARA</b>      | <b>550</b>   | <b>525</b>   | <b>516</b>  | <b>503</b>  | <b>488</b>  | <b>474</b>  | <b>454</b>  | <b>442</b>  | <b>436</b>  | <b>430</b>  | <b>411</b>  | <b>396</b>  | <b>374</b>  | <b>369</b>  | <b>371</b>  | <b>368</b>  | <b>367</b>  |
| Porcentaxes %       | 100          | 95,4         | 93,8        | 91,4        | 88,7        | 86,2        | 82,5        | 80,7        | 79,3        | 78,2        | 74,7        | 72          | 68          | 67,1        | 67,4        | 66,9        | 66,7        |
| <b>CONCELLO</b>     | <b>6160</b>  | <b>6082</b>  | <b>5978</b> | <b>5867</b> | <b>5780</b> | <b>5674</b> | <b>5549</b> | <b>5459</b> | <b>5385</b> | <b>5295</b> | <b>5219</b> | <b>5109</b> | <b>4983</b> | <b>4902</b> | <b>4846</b> | <b>4756</b> | <b>4671</b> |
| Porcentaxes %       | 100          | 98,7         | 97,0        | 95,2        | 93,8        | 92,1        | 90,1        | 88,6        | 87,4        | 85,9        | 84,7        | 81,4        | 80,8        | 79,5        | 78,6        | 77,2        | 75,8        |
| <b>(1) PARROQ.</b>  | <b>105,4</b> | <b>100,6</b> | <b>98,8</b> | <b>96,4</b> | <b>93,5</b> | <b>90,8</b> | <b>86,9</b> | <b>84,7</b> | <b>83,5</b> | <b>82,4</b> | <b>78,7</b> | <b>75,9</b> | <b>71,6</b> | <b>70,7</b> | <b>71,1</b> | <b>70,5</b> | <b>70,3</b> |

**Evolución da poboación das distintas aldeas, da parroquia e do concello en conxunto ó longo do século XXI así como as porcentaxes tanto da parroquia como do concello. Ano 2001 = Índice 100%. (1) A porcentaxe é só para a parroquia e está tomada con relación ó ano 1900**



**Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes**

A situación nos anos que levamos do século XXI xa é algo máis que preocupante posto que en tan so 16 anos perdeuse máis dun 33% da poboación. Neste senso non é moi diferente á que se dá en case todas as demais parroquias do concello e mesmo de toda a zona rural desta parte de provincia.

Outro feito a subliñar é que tan só no 2001 e 2002 tiña máis habitantes que cen anos antes. Esta perda da masa demográfica pode vir explicada por varios factores: unha baixísima natalidade (un 4,21‰, no conxunto do concello); unha alta mortalidade (13,75 ‰ no total municipal, no 2016). Iso fai que o crecemento vexetativo sexa claramente de signo negativo. Outro aspecto que inflúe, e moito, é a idade media das persoas que nese ano roldaba os 52 anos (51,66) -49,46 de media para os homes e 53,77 anos no caso das mulleres, no total municipal-. Isto trae consigo que o período fértil da muller xa se superou con creces polo que a natalidade vai ser moi baixa e con trazas de que non se mellore a curto prazo, polo que o descenso demográfico vaise seguir acentuando.

Outro aspecto que tampouco axuda é a falta de postos de traballo, xa que non hai industrias de ningún tipo, e a xente que está en idade laboral ten que marchar a outros lugares para buscarse a vida. Dá mágoa ver que magníficas casas feitas da excelente pedra existente na zona estean en estado de ruína por falta de persoas que as habiten.

## 5. A ORIXE DOS NOMES DOS LUGARES DE GÁNDARA

O topónimo **Gándara** -pronunciado *Ghandra* polos veciños- é bastante frecuente en Galicia e norte de Portugal. No galego común, unha gándara é, sobre todo, un 'terreo chan, enchoupado de auga e pouco produtivo'. Para reputados lingüistas (Bertoldi, Menéndez Pidal) esta palabra ten a súa orixe nunha antiquísima voz preindoeuropea, *\*ganda* 'pedregal', 'terreo chan, pedregoso e inculto'.

Como apelido lévano 2.844 galegos como primeiro ou segundo e ocupa o posto 230 entre os apelidos galegos.



Aldea de Budián, no extremo oriental da parroquia. Detrás, á dereita, o Cotón de Ponte Oleiros (foto EDR)

**Budián** podería proceder do latín *buda* 'xunco, espadana', procedente da raíz celta *\*bed-* ou *\*bud-*, e faría referencia a unha xunqueira ou a un lugar lamacento abundante neste tipo de plantas (de ser así, tería a mesma orixe que Budiño, Buño e Bueu). Con todo, non se descarta que poida proceder dun nome persoal xermánico: *\*Butila*, *Butilane*.

**Parga**, segundo o reputado lingüista Edelmiro Bascuas, trátase dun hidrónimo (nome de río) prerromano procedente dunha base indoeuropea *\*PER*, 'atravesar'. Para Cabeza Quiles esta base indoeuropea non sería celta.

Para **Quintáns** véxase o lugar homónimo de Brandomil.

O **Sisto** ten tamén unha orixe moi dubidosa: hai quen o relaciona co verbo latino *sistere* 'establecerse, deterse', e seguramente significa 'parada ou pousada no camiño' (nos documentos medievais en latín aparecía coa forma *Sistum*). Outros investigadores consideran que é un topónimo da época sueva, cando se efectuaron repartos das terras: do xermánico *\*s(w)ekstos* 'sexta parte'. É un topónimo bastante abundante en Galicia, sobre todo nas provincias da Coruña (25 lugares distribuídos en 22 concellos) e Lugo (22 lugares en 14 concellos); na de Pontevedra existen sete lugares con este nome, noutros tantos concellos, e na de Ourense non hai ningún.



O Sisto desde o Pico de Meda (foto EDR)

**Sobreira** (do lat. *suberaria*) é un fitónimo, é dicir, un nome de lugar orixinado pola presenza dunha árbore solitaria ou senlleira pola súa corpulencia, neste caso unha sobreira; de feito, na comarca son máis ben raras estas árbores produtoras de cortizas. Tamén pode responder ó feito de ser esta árbore un punto de referencia ou linde territorial.

**Vilaestévez** fai alusión a unha *vila* (granxa) pertencente ó primitivo posesor destas terras, de nome Estevo (na época do Baixo Imperio Romano), do mesmo xeito que **Vilar Ramilo** nos pon en relación cun individuo de orixe xermánica chamado Ramilo, primeiro poboador desta aldea, pero xa en época medieval.



Vilaestévez, desde o castro do seu nome (foto XMLS)

En resumo, que os nomes de lugar desta parroquia fan referencia á paisaxe (Gándara), ás árbores ou plantas existentes (Sobreira, e tal vez Budián) á distribución das terras (Quintáns, e, moi dubidosamente, O Sisto -este tamén pode ser un topónimo viario-) ou ó nome propio do primeiro posesor (Vilaestévez, Vilar Ramilo).

<sup>2</sup>

## 6. PARROQUIA DE SENLLEIRAS PAISAXES: O PICO DE MEDA E AS FERVENZAS DO RÍO RABIÑOSO

Dentro dos moitos lugares de interese que ten a parroquia de Gándara, dous son os puntos que se deben visitar: o Pico de Meda e as fervenzas do río Rabiñoso.

O Pico de Meda é o cumo principal da Serra de Santiago e da Terra de Soneira, con 561 ou 566 m de altitude (os mapas difiren). Ofrece unha fermosa forma cónica desde a chaira soneirá, de aí a súa forma de ‘meda’. As vistas que se nos ofrecen desde o seu cumo son certamente amplas e fermosas.

Podémonos achegar ata alí en coche desde dous accesos: desde a estrada AC-545 (de Baio a Santiago), preto da ermida de San Roque do Monte, por pistas de servizo ós aeroxeradores que conforman o amplo parque eólico que hai nel; o outro punto de acceso sería desde a

<sup>2</sup> Agradecemos moi sinceramente a colaboración prestada por F. Cabeza Quiles para a explicación da orixe destes e doutros topónimos anteriores

aldea do Sisto: coller en dirección a Vilar Ramilo, desde onde hai unha estreita pista asfaltada que nos leva ata o cume.



O Pico de Meda coas súas antenas e gando ceibo, hai anos (foto XMLS)

En días claros e coa atmosfera limpa é posible ver o mar case desde Fisterra ata Arteixo. Igualmente pódense divisar partes dos concellos de Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Vimianzo, case todo Zas, Camariñas, Laxe, Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco, Malpica e Carballo.

As vistas máis próximas serían: a chaira coñecida como Val de Soneira (no concello de Zas, leste do de Vimianzo e sur do de Cabana) na súa totalidade, e o val que ten pola súa marxe oriental onde están aldeas coma Os Picotos (Santa Sabiña, Santa Comba), Sordíns e Moucos (Cuns, Coristanco), Parga e Budián (da propia parroquia de Gándara) que quedan nesta banda leste do cordal e varias das parroquias de Nantón, Riobó ou Silvarreronda (Cabana de Bergantiños). Mesmo se poden dexergar perfectamente as illas Sisargas (en dirección NO, a uns 27 km) ou puntos tan afastados como o monte do Pindo (SO, a uns 33 km).

Distínguense claramente as localidades de Zas, Santa Comba, Baio, Corme, Ponteceso, Agualada, San Roque (Coristanco) ou Carballo, por citar só as máis importantes. De noite son facilmente visibles os lampos intermitentes do faro de cabo Vilán (Camariñas). Como caso extremo, en condicións de atmosfera limpa e antes de se arredar da costa o

corredor marítimo, podíanse percibir con prismáticos non moi potentes o manchón branco dos nomes dos barcos.

Hai un proxecto do Concello de Zas de sinalizalo como miradoiro e poñer paneis indicativos das paisaxes e localidades que desde el se poden ver. Esperemos que se leve a cabo o máis axiña posible.



Vista desde o Pico de Meda, en dirección noroeste; lugares de Gándara [foto EDR]

As fervenzas do río Rabiñoso están situadas un pouco antes do lugar de Vilar Ramilo pola pista procedente do Sisto, xusto no cruzamento que vai a Moucos (Cuns). O ramal principal do río do Porto -primeiro chamado de Vilar Ramilo e despois do Rabiñoso-, que nos primeiros tres quilómetros e medio levaba un discurrir relativamente tranquilo, ó chegar a este punto comeza a coller velocidade para salvar un forte desnivel duns 45 metros en pouco máis doutros 200 m de percorrido.

Nada máis pasar a vella pontella de laxes que era un vao por onde pasaban en seco as persoas, mentres que os carros pasaban polo propio río, antes de facerse a pista que vai a Moucos, comeza a coller velocidade e a levantar espuma branca ó golpear no seu tumultuoso avance contra as pedras do seu leito. Durante uns 150 m amósanos numerosas

pequenas caídas.

Hai un punto, pasado o segundo dos muíños que hai pola marxe esquerda, onde nunha pedra que se introduce no medio do río, facilmente accesible e relativamente segura a menos que estea húmida que se pode esvarar, desde a que é posible ver como o río baixa saltareiro, para desviarse ó chegar a esa pedra e logo verse como segue brincando de pedra en pedra augas abaixo.

Aparte da inigualable beleza da fervenza, -mellor multitude de pequenas caídas- non debemos esquecer un importante conxunto etnográfico que merecería ser posto en valor, sen ningunha dúbida.

En primeiro lugar temos unha pontella de grandes laxes, antiquísima. Non sería nada esaxerado pensar que incluso de época medieval, dado que cando a historiadora Elisa Ferreira Priegue (1988) escribe sobre os camiños medievais en Galicia fala dun que pasaba por alí. A día de hoxe queda bastante tapada pola vexetación posto que non se pode usar dado que se cortou o camiño que pasaba ó seu carón.



Pontella do río Rabiñoso, en Vilar Ramilo (foto XMLS)

En ambas marxes do río e en menos de 50 metros hai cinco muíños: tres polo lado de Cuns e dous polo de Gándara. Os do lado de Cuns están totalmente arruinados e cubertos de vexetación, mentres que os do lado de Gándara están bastante mellor. Sería moi

recomendable que se restaurasen, xunto coa pontella de grosas trabes, e así, teríamos un conxunto etnográfico que en nada desmerecería a outros de bastante máis sona. Un deses muíños xa aparece citado no catastro de Ensenada (1753).

Uns centos de metros augas abaixo, antes de chegar a Parga o río ten outras fervenzas máis pequenas pero con caída máis clara.



**Outra vista da pontella do Rabiñoso, limpa de vexetación. (xaneiro de 2018). Foto EDR**

Falta unha promoción axeitada deste punto, que ben o merece, aínda que xa se están dando uns tímidos primeiros pasos. A asociación ambiental Senda Nova, de Carballo, deseñou para este enclave dúas rutas de sendeirismo: unha delas parte da igrexa de Seavia (Coristanco) e remata no Rabiñoso; a outra vai desde aquí a Follente (Mira). Esperemos que en breve o Concello de Zas leve a cabo o seu propósito de poñer en valor este lugar, primeiro cunha ruta de sendeirismo –en fase de deseño– que pase por aquí e potenciar este lugar verdadeiramente único desde o punto de vista etnográfico –os muíños, que se poden completar cos restos das aproximadamente dúas ducias existentes pouco antes da ponte do Sisto, neste río e no de Budián– e paisaxístico, que mesmo mereceu unha reportaxe da Televisión de Galicia no espazo “O recuncho de...”, do programa A Revista do 21 de xullo de 2017. Esta reportaxe pode verse no seguinte enlace: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/a-revista-3141246> (entre os 51min 25 seg e os 54 min 5 seg)



**Muíño e camino de acceso á ferverza do Rabiñoso. Foto EDR**




**As ferverzas do río Rabiñoso, augas abaixo (foto EDR)**

## 7. A IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE GÁNDARA



Fachada da igrexa de Gándara (foto XMLS)



Hai unha tradición oral moi estendida que indica que a igrexa de Gándara estivera antes uns centos de metros máis cara ó leste, no sitio coñecido como Agra da Cruz (no mesmo sitio onde se atoparon restos romanos). É a mesma tradición doutras parroquias.

Presenta unha planta de salón conformada por un presbiterio case cuadrangular (6 x 5,5 m) e unha nave rectangular (12,50 x 5 m). Apegada ó muro norte do presbiterio, unha sancristía case cuadrangular (4,40 x 4,20 m). Apegadas ó primeiro tramo da nave, dúas capelas laterais: a do muro norte estivo dedicada a santa Margarida e fundárona, entre 1678 e 1709, o escribán real Diego López de Miranda e a súa esposa Catalina Vermúdez de Castro, os dous fidalgos (o seu escudo aínda se aprecia no exterior). A capela sur estivo dedicada ó Santo Nome de Xesús ou ó Bo Xesús.

O templo quedou moi afeado na súa arquitectura interior por culpa das reformas que sufriu no século XX, unhas entre 1930 e 1935 e outras entre 1961 e 1967: construíronse unhas bóvedas lisas de cemento e recibéronse con escaso gusto as paredes. Non hai moitos anos picouse o recebo interior e deixouse ó descuberto as paredes que amosan unha feitura a base de pedras de

pequeno tamaño que desloce un pouco o seu aspecto.

Con todo, a base estrutural da igrexa é románica, da que unicamente se conserva a porta principal, rematada nunha fermosa dobre arcada románica de medio punto (un dos poucos exemplos deste estilo medieval, de finais do séc. XII, que se poden ollar no concello de Zas).

No ano 1860 un raio durante unha tormenta derruba parte da fachada e mais a espadana que a coroaba. Empréndese decontado a tarefa de reconstrución deste muro oeste do templo, erguéndose unha nova espadana, obra do mestre canteiro José Touceda. Esta espadana, que encadramos dentro do eclecticismo do séc. XIX, é a que podemos contemplar actualmente, quizabes a máis fermosa de toda a bisbarra: ten unha gran esvelteza e acrecenta notoriamente a maxestosidade da fachada.



**Escudo fidalgo que se atopa na parte exterior da sancristía, lado N. Foto EDR**



**A fermosa espadana da igrexa de Gándara, de 1860 (foto R. Mouzo Lavandeira)**

## Unhas fermosas imaxes do séc. XIX

No interior do templo hai tres retablos de mediados do séc. XX, os tres de estilo ecléctico. O maior substituíu outro esculpido entre 1795 e 1799 por Francisco Castro Agudín, o escultor de Sandrexo. O actual está presidido por unha imaxe da Asunción da Virxe na parte alta; nos paneis inferior hai un santo Antonio e un san Roque de mediados do séc. XX.

No retablo da capela sur hai outro san Roque, un san Sidro e un san Sebastián. No da capela norte hai outro santo Antonio, un san Domingos de Guzmán e unha Virxe do Rosario. Hai outras imaxes exentas: santa Rita, o Perpetuo Socorro etc.

De entre todas as imaxes, salientaremos estas: a *Virxe do Rosario*, *san Domingos de Guzmán* (mozo imberbe vestido co hábito da orde dominicana; un libro nunha man, un bordón na outra e un can ós seus pés) e *san Sidro* (o patrón dos labregos; vestido cun refinado traxe da nobreza dezaoitescas; ós seus pés, unha diminuta xunta de bois xunguidos para tirar dun arado).



San Sebastián, séc. XIX (foto XMLS)



San Sidro (séc. XIX) [foto XMLS]

No retablo da capela sur temos a figura de *san Sebastián* (espido, atado ó tronco dunha árbore e co seu corpo cravado de frechas; un casco guerreiro sobre a cabeza, pola súa condición de militar). Foron realizadas estas catro imaxes por volta do ano 1864, e sospeitamos que o seu autor foi *Francisco Rodeiro*, escultor compostelán moi habelencioso que era capaz de copiar con grande mestría figuras barrocas e neoclásicas do séc. XVIII (especialmente dos grandes escultores Gambino e Ferreiro). Rodeiro fixera en 1857 as figuras pétreas do cruceiro do Carme do adro de Zas, e non é estraño que recibise a encarga de tallar estas imaxes de Gándara.

## 8. DOUS INTERESANTES CRUCEIROS

Gándara conta con dous interesantes cruceiros, de moita antigüidade e valor. Un deles, **o procesional**, atópase a uns 200 m da fachada da igrexa, no centro dunha encrucillada, onde tamén se conserva un dos primeiros palcos de música construídos de cemento, do ano 1934.

Para adaptarse á encrucillada, leva unha plataforma triangular, de tres gradas (no lateral norte da segunda grada lese AÑO DE 1720 (nun documento parroquial dise que se estaba aínda traballando nel en 1746) Leva un pousadoiro acaroado, pois ata el van as procesións. O varal é esvelto, con tres partes ben diferenciadas; remata nun capitel estreito.

A cruz, con figuras a cada lado, é longa. No lado oeste presenta un



Figuras do anverso do cruceiro procesional de Gándara (foto R. Mouzo Lavandeira)

Cristo crucificado que apoia os pés nunha caveira a modo de

peaña, cun frade -ou un san Francisco- á súa dereita, como se estivese recolléndolle o sangue. No lado leste represéntase a Asunción da Virxe, coa particularidade de que, ó contrario doutras asuncións, esta leva o neno Xesús no colo; na parte superior, dous anxos coroan a Virxe. As figuras, con abundantes xogos de luces e máis pola aparencia de movemento, responden ó estilo barroco de principios do séc. XVIII.



Cruceiro procesional de Gándara  
(foto Roberto Mouzo Lavandeira)



Reverso do cruceiro do Sisto  
(foto R. Mouzo)

**O cruceiro do Sisto** atópase no medio do lugar deste nome, nun dos laterais da pista que comunica con Zas. O máis curioso deste cruceiro reside nuns estraños signos inscritos na parte inferior no seu varal de sección octogonal, que, por seren semellantes a letras hebraicas, deron lugar a unha chea de interpretacións. O máis seguro é que sexan marcas de canteiro.

A cruz lembra as góticas pola súa pólas serradas e remates de formas de flor de lis, pero seguramente non é tan antiga.

No lado leste vemos a figura dun Cristo crucificado, cos brazos moi estricados (repárese nos voluminosos cravos das súas mans), amplo pano de pureza e pernas moi arqueadas; a figura está moi desgastada pola erosión. No lado oeste, a figura da Virxe, moi hierática e de formas moi esenciais.

Carecemos de documentación sobre este cruceiro, pero aventuramos que seguramente ten varios séculos de existencia; quizais se fixo no séc. XVII. O que si sabemos é que a súa ubicación actual non é a orixinal. Haberá uns 40 anos foi trasladado desde A Mosqueira, onde estorbaba un pouco para o paso de tractores e carros cargados. Este traslado non se fixo sen un certo desgusto dos veciños que o acaroaban. Mesmo se ten comentado que existía documentación do promotor que o mandara facer, pero non a demos localizada.



Marcas no varal do cruceiro do Sisto  
(foto XMLS)

## 9. UNHA PARROQUIA CUNHA GRAN RIQUEZA ARQUEOLÓXICA

Na parroquia de Gándara quedan os restos de numerosas mámoas, de dous castros, dun xacemento romano e dunhas torres medievais.

**Abundancia de mámoas.-** Esténdense por toda a parroquia e moitas delas foron usadas para marcar os lindes coa de Nantón (Cabana). Comezaremos ó leste de Budián onde unha delas relativamente ben conservada no alto do monte, separa as propiedades dos veciños de Budián dos de Cazón (Nantón), ó igual que sucede no alto do monte do Picón de Doeña, preto da Piolla, onde hai outras dúas na mesma situación, do mesmo xeito que noutras dúas preto da aldea de Sobreira na que estarían no límite entre as leiras desta aldea e as da Pedra. Nunha destas dúas, hoxe arrasadas, conservaba os esteos da cámara dun dolmen. Non moi lonxe do cruce da estrada que da Piolla leva a Budián hai outras dúas de pequeno tamaño (serían as de Can Lapido ou Pedra da Lebre). No Bico da Cruz e a escasa distancia do castro quedan os restos doutra. Non moi lonxe do desvío da estrada que vai a Parga desde O Sisto, na leira coñecida como Pedra da Lebre, hai outra en bastantes boas condicións. E, non moi lonxe, pero xa no alto ou preto do cordal do Pico de Meda hai outras catro.

Xa na parte baixa deste aliñación montañosa, preto das casas da Mosqueira e do Campo do Seixo, queda outra bastante tocada na paraxe coñecida como Camposa do Souto ou As Abenelas.

Nas Castiñeiras, leiras que quedan entre O Sisto e Sobreira e moi preto das Torres do Boén, quedan os restos do que case con toda seguridade, foi outra.

A uns 300 metros ó oeste da igrexa parroquial, nas leiras chamadas Chousa do Crego, achanzouse outra de dimensións considerables non hai moitos anos para facer unha plantación.

Peor sorte aínda correu a das Minas, de Vilaestévez, xa que nos anos setenta do pasado século coa concentración parcelaria achanzouse case por completo e as pedras que formaban o dolmen que tiña no



Vilaestévez: xusto detrás está o castro; ó fondo, o Pico de Meda (foto EDR)

interior foron aproveitadas para amacizar un camiño. Nese proceso de desfeita atopouse unha machadiña puída e diversos fragmentos de cerámica.

**A parroquia conta con dous castros.**- Á beira de Vilaestévez -hai casas da aldea case pegadas-, xusto no límite coa de Carreira (a separación entre ambas iría polo foxo que ten o castro no lado sur) hai un *castro* coñecido como de **Vilaestévez** ou de **Faustino**, por ser este un dos seus últimos propietarios. Consta dunha muralla moito máis alta por dentro que por fóra no lado leste e sueste, porque o interior do castro está á mesma altura que o seu exterior e houbo que facer defensas artificiais, mentres que polo resto o desnivel interior é case inexistente. É lixeiramente ovalado, e ten unhas dimensións considerables: 125 m de NNE a SSO e 115 de leste a oeste, cuns 375 m de circunferencia. Dispón de foxo, moito máis claro polo leste, aproveitado para camiño de carro e para facer pistas e, nalgúns tramos, muralla exterior. Está relativamente ben conservado, aínda que está a sufrir un proceso de deterioro xa que se lle desfizeron parte das murallas para facer dúas entradas para tractores, unha polo leste e outra polo oeste. Téñense localizado nel abundantes restos de cerámica castrexa, e, así mesmo, unha fusaiola (pedra plana, redondeada e cun burato no medio, que servía de contrapeso no tecido de roupa). Fálase da presenza nel dos mouros e xente doutros tempos. Disque cando se comezou a traballar con tractores aparecía unha gran cantidade de pedras, que viñan dunha especie de valadiños que había no seu interior.



Interior do castro de Vilaestévez, no que se aprecia o circuito amurallado (foto XMLS)

O outro castro está situado no alto dun monte chamado **Bico da Cruz** ou **As Cortellas**. É un clarísimo exemplo de castro de outeiro, xa que aproveitou perfectamente o impresionante desnivel existente polo seu lado leste e nordeste, mentres que polo sur e polo oeste, cun desnivel moito menor, conserva unhas estupendas murallas. A croa ten uns 85 metros de diámetro e, aínda que no PXOM se di que na croa se atopan restos de construcións, unha inspección in situ

permite ver que esas construcións en forma de pequenas depresións circulares están fora do recinto fortificado, polo oeste, aínda que pegadas a el, das que a xente maior afirma que na súa

nenez tiñan observado os arrinques de pequenas casiñas redondas- o seu nome, As Cortellas, faría referencia a elas por imaxinárense que serían cortes dos animais. Está ben conservado, e no seu interior non se ten atopado nada. Del cóntase, tamén, que alí estiveron os mouros vixiando toda a agra do Sisto e Budián que quedan ó oeste e ó leste do mesmo.



**O xacemento romano da Agra da Cruz.-** Na paraxe coñecida como Agra da Cruz, preto da aldea de Quintáns e non moi lonxe da igrexa parroquial, téñense atopado restos romanos de certa importancia e que nos estarían falando dunha vila romana do séc. II ou III d.C.

Segundo o informe que sobre os restos publicou na revista *Gallaecia* nº 5 (1979) a profesora Raquel Casal, pénsase que se trataría de varios fragmentos de *terra sigillata* hispánica moi erosionados, dos cales os máis interesantes serían: un borde dun prato de forma *drag* e tres galbos, tamén de forma *drag*. Todos estes fragmentos correspóndense con formas que teñen una cronoloxía moi ampla, pero que se pode centrar no séc. III d.C. posto que coincide coa peza de **anel de pasta vítrea**; que aparece descrita como segue: “Fragmento de anel de pasta vítrea de cor negra. O interior é liso; a parte exterior presenta una decoración a base de liñas incisas entrecruzadas que forman coma una franxa de óvalos en relevo que recorre o aro pola súa metade”.

O seu diámetro aproximado é de 2,2 cm.; de longo do fragmento: 1,5 cm. Un exemplar similar atópase no Museo Británico. Este tipo de aneis poden datarse no séc. III d.C., momento no que os aneis, pulseiras e adornos de pasta vítrea en xeral se poñen de moda. En realidade é un material barato e trátase de pezas ornamentais accesibles a calquera persoa, polo que son abundantes en todos os xacementos romanos –sobre todo de época tardía- e en contextos que ás veces podemos clasificar incluso de bastante pobres.

Os materiais que aquí ofrecemos non teñen outro obxecto que dar a coñecer a existencia dun xacemento claramente romano (unha nova *villa* do Baixo Imperio?). Non podemos deducir a extensión real das construcións que alí houbera, pois frecuentemente as faenas agrícolas e o continuo arado das terras diseminan nunha superficie moi extensa o que en principio é unha comunidade ou habitación de proporcións máis reducidas. Polo que se refire á cronoloxía temos uns materiais que, anque escasos, nos permiten supoñer que o lugar está xa ocupado e romanizado no séc. III d. C. e, posiblemente, no séc. II d.C.

A data de abandono é máis problemática porque existe abundante cerámica común tardía, de aspecto rudo, cuxa datación precisa é hoxe en día imposible a falta de escavacións, dado o reducido dos fragmentos que levanta o arado. De todas formas cremos interesante rexistrar a noticia deste xacemento no que unicamente escavando se poderán precisar máis detalles”.

Téñense localizado, tamén, *tégulas* romanas noutros tres puntos da parroquia: nunha leira chamada A Toxeira, a 300 m do xacemento da Agra da Cruz; no lugar da Mosqueira (entre O Sisto e Quintáns) e na leira coñecida como Socotro, preto das casas do Sisto. Aquí mesmo se ten recollido *terra sigillata* –cerámica romana de luxo coa marca *sigillatam* (‘selo’) de alfareiro.

**As desaparecidas Torres do Boén ou de Surribado.-** Segundo o inventario que a empresa ARKAIOS S.L. (2002) fixo da catalogación de xacementos arqueolóxicos do concello de Zas, no relativo a estas torres -hoxe desaparecidas- dinos o seguinte:

“Trátase dun xacemento de tipo mota, de pequenas dimensións, no interior do cal se conservan aínda os restos dunha posible torre de planta rectangular. A mota é de forma ovoide, lixeiramente alongada en sentido NNE-SSW, contando cunhas medidas máximas aproximadas de 20 X 25 m e unha altura que oscila entre os 2/3 metros na zona Sur e os 4-5 do resto do perímetro.

No centro da mota conserva os restos dunha construción rectangular; as súas medidas interiores son de 7,40 m de lonxitude nos lados maiores e de 5,80 m. nos lados menores, que interpretamos coma os restos dunha posible torre medieval .

O muro interno é visible en case todo o perímetro , presentando unha altura que oscila entre 1,10 e os 2 m. En todo o seu percorrido non é posible ver ningún tipo de vano que permita saber cal era a zona de entrada. En canto ó grosor, neste momento é imposible medilo, pois aparentemente a cara externa aínda está oculta polo montículo da mota”.

Nas investigacións que a historiadora Ana Framiñán fixo sobre os Condes de Altamira atopou un documento que fala destas torres. Literalmente o texto publicado en *La Voz de Galicia* (19/9/99) di no encabezamento:

“Había una vez una torre de piedra en la tierra de Sonera y eran los años de la mitad del siglo XV. La señora Doña Mayor de Sotomayor, más conocida en la zona por ser la mujer de Ruy Sánchez de Moscoso, le hizo un préstamo de 150.000 maravedís a la señora Doña Teresa de Estúñiga, también conocida por ser la esposa de Diego Pérez Sarmiento, conde y adelantado.

Como prenda de devolución de la suma, le dio la “casa de Boén” que estaba en “Sonera”, según reza el documento hipotecario. Y los siglos han pasado y ya no queda más que los recuerdos de la casa que conoció otros tiempos de la actual Gándara”.

Continúa a información de *La Voz*:

Los restos arqueológicos encontrados (...) en las leiras de Boén estarían las Torres de Surribado. Entre O Sisto y Sobreira, cerca del río, en la parroquia de Gándara. Unos vecinos aún les llaman las “torres” y otros “Surribado”. Framiñán asegura que estos restos nos hacen sospechar “que se trataba de una fortificación, posiblemente de control, y de pequeña envergadura”. Explica que Gándara era de jurisdicción acumulativa en el siglo XVIII, compartida entre el conde de Altamira y el monasterio de Sobrado, además de pertenecer al partido de Vimianzo.

Hasta ahí lo científico. Y. como en toda torre que se precie tiene que haber leyendas; la de Boén o Surribado no iba a ser menos. Cuentan las crónicas que corren de boca en boca y de siglo en siglo que en el edificio se encendía una luz llegada la noche, que estaba en línea con otras dos luces, una en A Penela y otra en Romelle. Una variante de la narrativa consuetudinaria atribuye la señal al pazo de O Allo.

Outra lenda que se contaba hai anos falábanos de que, a señora da torre cando ía á misa á igrexa parroquial, da que en liña recta dista un quilómetro e medio, non precisaba pisar outras propiedades que non fosen as súas.



Cabazo de Trelles ou do Cura (Gándara) [foto XMLS]

**Un hórreo singular: o de Trelles ou do Cura.-** É bastante longo (13,90 m), con doce parellas de pés. Os soios (piso) deste cabazo -tamén chamado do Cura, por pertencer ó igrexario de Gándara- está conformado por seis lousas gravadas con varios motivos, entre os que predomina un vexetal que recorda unha flor de lis

esquemática. Tamén chama a atención unha pentalfa (estrela de cinco puntas). Polo aspecto gastado parece que proceden dunha antiga edificación.



Misteriosos gravados no piso do Cabazo de Trelles ou do Cura (Gándara)  
[foto R. Mouzo Lavandeira]

## 10. GÁNDARA NOS TEXTOS HISTÓRICOS<sup>3</sup>

### **Ano 1592: As obrigas feudais dos veciños co conde de Altamira**

Os veciños desta parroquia tiñan para co conde de Altamira, como os doutras parroquias da xurisdición de Vimianzo, certas obrigas de tipo feudal, como era a de mataren un lobo de ano en ano (se non o facían, tiñan que darlle un carneiro ó conde); pagar a loitosa cando morrese o cabeza de familia; as viúvas dar dúas galiñas ou o seu valor, etc. E, ademais:

"Los que son peones lanzeros son libres del servicio ecetto que están obligados de ir con sus lanzas y espadas a la fiesta de Santo Adrao acompañar al Conde e su merino de Vimianzo y ellos les han de dar de beber, e ir al Curro de Camelle a correr el monte de Piñeiro y Tosto y hacer con los mas peones que se lleve el ganado y se acurre (...).

Todo el pan de novaos, cuartos e quintos que se coge en la feligresia llevarlo a la eira de Santiago de Carreira e ayudarlo a cubrir e majar, les darán de comer y beber. Están obligados todos los vecinos que al presente son e los que vinieron a vivir a esta feligresia" (doc. recompilado por Juan López Bermúdez).

### **Ano 1607.- A descrición do visitador Jerónimo del Hoyo**

**SANTA MARÍA DE GÁNDARA.-** Esta felegresía tiene quarenta feligreses. Los frutos quatro partes: las dos lleva la cura y otra don Payo Mariño de Lovera y la quarta Juan Prego de Montaos y Alvaro de Camaño. Vale la parte del cura quarenta cargas de todo pan. Presentación de labradores legos. La fãbrica tiene de renta treze reales de una casa y unas heredades a ella pestenescentes y siete ferrados y medio de trigo y media libra de cera y ciertas vacas de que hay memoria en el libro dello. Tiene la fãbrica obligación de dezir tres misas reçadas cada año por la dicha renta. Hay aquí una capilla en que se mandó poner una reja. Hay una cofradía de Sant Sebastián.



Quintáns (foto EDR)

Pénsese nas cargas que tiñan que pagar os labregos porque se temos en conta que había corenta fregueses e só a parte do cura supoñían “quarenta cargas de todo pan” e cada carga eran doce ferrados -e iso só era a metade do total-, viña dando que cada un deles tiña que pagar de media polas rendas uns 24 ferrados.

---

<sup>3</sup> En todos estes documentos antigos respectamos a ortografía do castelán da época, aínda moi caótica. Unicamente separamos as moitas palabras que no Catastro de Ensenada aparecen pegadas entre si para facer comprensible o contido.

## 1753: no Catastro de Ensenada

Os peritos da parroquia de Gándara que participaron na elaboración deste catastro foron Domingo Amado (mordomo), Antonio de Couto y Diego Cordeiro.

Como acontecía con Carreira, Gándara pertencía á xurisdición real de Soneira, acumulativa á de Vimianzo:

(...) son parte de las mas q<sup>e</sup> componen la Jurisdicion de Vimianzo y del señorío del Conde de Altamira quien posee la regalía de poner Juez y escriuano de numero en ella con advertencia de que las fras. [freguesías] de san Miguel de treos, santa María de Gandara y la de santa maría de Baio son acumulatiuas como otras mas de dcha. Juris<sup>on</sup> [xurisdición] a la real de Soneira cuio Juez conoce en ellas a prevencion de todas causas Ciuiles y criminales aunque como todas las mas acumulatiuas contribuen con los derechos reales a dha de Vimianzo como principal caueza (...).

Os seus lindes serían os seguintes:

La feligresía de **santa Maria de Gandara** tendra de L [levante] a P [poñente] media Legua de N a S un quarto de legua de circunferencia legua y media o jornada de tres oras, limita por el L con el coto de Picotos, por el P con la fra de s<sup>an</sup> Clemente de Pazos por el N con la de sn Pedro de Nanton y por el sur con la de Santiago de Carreira.

Moitas e moi pesadas eran as cargas que os veciños tiñan que pagar:

(...) y dcho Conde perciue en ellas por razón de señorío los servicios anuales siguientes: Por el que llaman Carnero del Louo perciue de cada un vecino Real y medio de Vellon, por el que llaman Gallina de Dehesa perciue un real de vellon. Por el q<sup>e</sup> llaman Gallina de Viuda que solamente pagan las ¿viudas? En cada fr<sup>a</sup> perciue un real de v<sup>on</sup> [vellón] = por el servicio que llaman de vasallage perciue de cada un vecino diez y siete mv<sup>s</sup> [maravedís] vellón. Por el servicio de Luctuosa perciue del cavo de casa que acaeze morir una Alaja de quatro pies perciue asimismo todo el Ganado que en dchas ocho feligresías se halla sin dueño, que regularmente llaman Mostrengo.

También perciue la pena en que la Justicia multa o condena pecuniariamente a los reos de ella con advertencia de que el dcho servicio de carnero del Louo solo lo pagan las Personas que tienen Ganado lanar el año que no matan Louo uiejo o camada de nuevos que en este caso se eximen de esta contribución como siempre lo están las viudas y diferentes personas priuilegiadas; que asimismo no pagan el servicio de vasallaje (...).

(...) el servicio de carnero del Lobo asciende a siete reales - el de Gallina de Dehesa a diez R<sup>s</sup> - el de Gallina de Viuda a seis reales - el de vasallaje a diez R<sup>s</sup> - el de Luctuosa a doze reales - Las penas pecuniarias a quatro reales y el ganado mostrengo a quatro reales vellón.

(...) que los derechos que se hallan impuestos sobre las tierras de dchas ocho feligresías y sus Terminos son diezmo, primicia oblata y voto y que los diezmos en cada una de ellas

se cobran y pagan de todos los frutos, de Diez uno en manojo de trigo, Centeno, Maiz, Corderos, Cabritos, Lino y Lana (...)

(...) el mayordomo y los Peritos de la fra. de santa María de Gandara dixeron perciuen los diezmos y primicias el Cura Parrocho, el Marques de la Sierra, d<sup>n</sup> Gregorio Luazes vez<sup>o</sup> de s<sup>n</sup> Martin de Lage, D<sup>n</sup> Fernando Varela vezino de s<sup>n</sup> Clemente de Pazos, y d<sup>n</sup> Joseph Valanzuela vezino de la ciudad de Orense en esta forma el cura Parrocho la mitad enteramente y la otra mitad se subdivide en ocho partes de las que el Marques de la Sierra dos, d<sup>n</sup> Gregorio Luazes otras dos: D<sup>n</sup> Fernando Varela una y las tres restantes d<sup>n</sup> Joseph Valanzuela y la oblata la pagan los vez<sup>os</sup> [veciños] a medio ferrado de trigo, perciue enteramente el Cura Parrocho Y que los vezinos que labran pagan medio ferrado de Centeno por razón de votto al Santo Apostol=.

En la feligresia de Gandara ascenderan los diezmos a dos mil y ducientos R<sup>s</sup> [reás] vellon –las primicias a seis cientos noventa y dos Reales –la oblata a ciento noventa y ocho reales, - y el voto a ciento diez y seis reales vellon, según le trajo arrendado el dho Juan Riveiro, de meanos(...)

Ainda quedaban os impostos que lle había que pagar ó rei:

(...) contribue a S M por servicio hordinario y extraordinario cincuenta reales vellón por Alcavalas, sisas, cientos millones y carnes con siete cientos y cinco Reales vellón y por utensilios con cien Reales cuias partidas componen la de ocho cientos treinta y cinco R<sup>s</sup> vellón (...).

As especies agrícolas, forestais e animais que se daban na época eran:

(...) no hay formal diferencia de especie de tierras en quanto a ser de regadío y secano por ser todo el Labradio Pastos y huertas de secano y solo los herbales de regadío y por lo regular a y las especies de sembradura de trigo Centeno Maiz Lino Nauos, Toxaxes, Robles y montes que se estiuadan y otros yncultos por naturaleza (...)

(...) que las especies de frutos que regularmente se cogen en las ocho referidas feligresías se reducen a Maiz, trigo, Centeno, Navos y Lino y aunque siembran algunas berzas o coles y Alcazer se cogen con escasez sin que se haga comercio dello.█



Pequeno souto de castiñeiros preto de Quintáns. Afortunadamente, non todos os veciños fan repoboacións de eucaliptos. Foto EDR

(...) las especies de Ganados que ay en dhas feligresias y en sus terminos son como llevan dicho Bueies, Bacas, obejas, Carneros, Cabras, Machos de cabrio, Lechones, Lechonas, Yeguas, Potrancas y Potrancos que a excepción de algun mes del verano tienen en los montes sus dueños no pueden afirmar quantos tenga cada uno (...) y solo saben no hai Cabaña ni Yeguada formal.

Unha idea do valor dos distintos produtos agrarios sería o seguinte:

El ferrado de trigo a seis Reales –el de Centeno a quatro Reales- el de maíz a quatro reales- el de Linaza a diez Reales – un Az de lino en bruto quatro reales (...) un carnero vale doze reales, una Gallina vale tres reales – un Cabrito quatro reales= un par de Pollos real y medio= un quartillo de manteca quatro reales= un par de capones cinco reales = una libra de lino que esta a punto de hilar cinco R<sup>s</sup>= Una Libra de Cera labrada onze reales: en bruto, o pasta siete reales= un quintal de Paja quatro reales = una arrova de Azeite quarenta reales(...).

Como corresponde a unha parroquia ampla con numerosos cursos de auga e con boas pendentes non é de estrañar que houbese numerosos muíños:

En la fra. de **Gándara** ay diez y siete Molinos muelas negras uno llamado **Budian** que muele diez meses propio de Diego Cardezo y consortes, otro llamado **trigas** que muele diez meses al año propio de Cathalina Maria Pose y consortes, otro llamado **Balsiña** que muele diez meses del año propio el ya dho Diego Cardezo otro llamado **Mestas** que muele



Muíño próximo á ponte do Sisto (foto EDR)

diez meses propio de d<sup>n</sup> Fran<sup>co</sup> Andrade Presvitero, otro llamado **Caramuíño** q<sup>e</sup> muele diez meses al año propio de Roque Varela vezino de san Pedro de Nanton y consortes Otro llamado **fabrica** que muele diez meses al Año propio de la fabrica Parroquial, otro llamado **Montes** que muele diez Meses al año propio de d<sup>n</sup> Juan de Montes otro llamado de **Vilar** que muele todo el año propio de Fran<sup>co</sup> Vilar, Otro llamado **Sixto** que muele diez meses propio de por mitad de d<sup>n</sup> Jph García y d<sup>n</sup> Jph Vazquez otro llamado **punte do Sisto** que muele diez meses al año propio de Josepha Gomez, y consortes, otro llamado **de avaxo do Sixto** que muele diez meses propio de d<sup>n</sup> Rodrigo Pardiñas vezino de la Ciu<sup>d</sup> de Santiago, otro llamado **doeña** que muele diez meses propio de Fran<sup>ca</sup> Souto y consortes, otro llamado **Surrivado** que muele diez meses propio del ya dho Rodrigo Pardiñas otro llamado de **Sobreira** que muele diez meses al año propio de (...?) Varela, **otro en dho sitio** de las mismas circunstancias de fran<sup>co</sup> Dom<sup>ez</sup> otro llamado **Pontellas** que muele seis meses propio del Cura Parrocho y otro llamado de **rabiñoso** que muele seis meses propio de don Joseph Varela

### Veciños e oficios de Gándara en 1753

Segundo os datos do Catastro de Ensenada, no ano 1753 a parroquia de Gándara contaba con 64 veciños e 292 habitantes (o que dá unha media de 4,5 persoas por familia). Estaba, polo tanto, bastante poboada. Era unha freguesía totalmente dedicada á agricultura, pois dos 64 veciños, 59 eran labregos (case o 90 % do total); dos restantes veciños "non labregos" 2 eran pobres e 5 eran eclesiásticos.

De entre os 59 labradores, dous deles tiñan ademais o oficio de arrieiros de trigo (chamábanse Buenaventura de Castiñeira e Alejos Martínez), e un era tamén tecedor e estanqueiro de tabaco (Pedro de Mira). De entre os agricultores citaremos os nomes destes patrucios ou cabezas de familia, a ver se alguén descobre algún antepasado de hai 265 anos

(o feito de poñermos xuntos os dos mesmos apelidos non quere dicir que necesariamente fosen irmáns; poida que si ou poida que non):

Antonio de Abelenda, Domingos Amarelle (tiña unha criada), Antonio Andrade, Andrés do Anido, Atanasio Anido, Jacobo Bermúdez (unha criada), Antonio e Miguel Blanco; Gregorio e Roque Caamaño; Gregorio Capela (que tiña un fillo miliciano); Diego e Francisco Cardesso; Paula Antonia e María de Castro; Fernando Dias, Agustín e Francisco Dominguez, Domingos Fariña, Alberto Gómez, Josepha Gómez (unha criada), Juan Gómez, Ignacio de Lema, Bernardo López; Juan, Mathías e Domingos Martínez, Gregorio Muíño; Domingo, Juan e Ventura de Parga (tiña unha criada), Dominga de Pazos, María Posse, Gregorio Ramos, Blas Rodríguez, Elena Rodríguez (solteira), Jacinto Soneira; Juan, María e Pasqual do Souto; Juan e Simón Suárez; Theodoro Outeiro; Antonio Varela, Cristina Varela (viúva, tiña unha criada e un criado), Antonio Vecino, Antonio Vidal; Antonia da Vila; Pedro de Vila; Francisco de Vilar, Antonio Vilariño. Un dos labregos tiñan o título de "don" (Joseph García, casado, catro fillos e unha criada), sen que nos conste se era fidalgo ou non. O párroco era D. Pedro Gonzales (que vivía co seu pai, un primo chamado D. Domingo Lanza, un criado e unha criada maiores); había ademais tres presbíteros (que tamén levaban "don"): D. Francisco de Andrade (vivían cun irmán chamado Joseph, dúas criadas e un criado), D. Juan de Montes (vivía cun sobriño chamado Andrés Moreira, labrador casado, unha sobriña e unha criada), D. Joseph Varela (que non tiña familia; vivía só cunha criada e dous criados). Os pobres eran: Francisca do Anido (costureira, viúva e cunha filla pequena) e Joseph Calvo (casado e cun fillo).

### **No *Diccionario* de Pascual Madoz (c. 1847)**

GÁNDARA (SANTA MARÍA DE).- Felig. en la prov. de la Coruña (7 ½ leg.), dióc. de Santiago (6 <sup>3</sup>/<sub>4</sub>), part. jud. de Corcubion (6) y ayunt. de Zas (1): SIT. en tierra de Soñeira y sobre las márg. y puente de San Justo, con buena ventilación y CLIMA templado y sano: comprende los l. ó ald. de Budián, Iglesia, Parga, Sisto, Sobreira, Vilaestevez y Vilaramiro que reúnen 42 CASAS de pocas comodidades. La ig. parr. (Santa Maria), es matriz de Santiago de Carreira. El TERM. confina por N. con el camino de Coruña á Camariñas; por el E. con la cord. de Pico de Meda; por S. con el citado anejo, y por O. con Sta. María de Lamas y San Clemente de Pazo; hay varias fuentes de buen agua, cuyos derrames bajan al indicado r., el cual da principio al denominado del Puerto. El TERRENO participa de monte y llano, aquel poco poblado y este de mediana calidad. Los CAMINOS vecinales y mal cuidados, y el CORREO se recibe por la cap. del part. PROD.: trigo, centeno, maiz, patatas y legumbres; cria ganado vacuno, de cerda y lanar; hay alguna caza. IND. la agrícola. POBL.: 42 vec, 238 alm. CONTR. con su ayunt.

### **Os datos de Carré Aldao (c. 1928)**

**Santa María de Gándara**, de entrada, matriz de Carreira y presentación del Conde de Altamira. Forma parte de la tierra de Soneira; tiene al N. los montes da Piolla, por los que cruza la carretera a Fisterra, y el Pico de Meda y el río do Porto (Puerto) los tiene al E.; a este último van las aguas del término, entre ellas

las del Rabiños, en que hay un salto y sobre el río do Porto tiene el puente de San Xusto. La escuela nacional adscrita a este término se llama de Gándara y Carreira. Budián, Quintáns, Sisto, Sobreira y Vila-estévez son las aldeas y Gándara, Parga y Vilar Ramiro, los grupos menores. Ascenden a 481 los habitantes de hecho y a 502 los de derecho, distribuídos en 136 edificios

## 11.- FESTAS PARROQUIAIS

As patronais son o 15 de agosto (**Asunción da Virxe**) e o 16 (**san Roque**). Teñen sido moi boas, pero as de hoxe redúcense a unha misa solemne e a un xantar familiar. Existe a lenda de que o culto á Asunción empezou cando un home moi rico padecía unha enfermidade moi grave, e grazas á intercesión da Virxe curou totalmente.

Hai outras celebracións festivas de tipo relixioso: a de **san Sebastián** (o 20 de xaneiro), que é a festa do entroido propia da parroquia (nalgún tempo facíanse filloas ese día, e tamén era normal facer as fiadas de liño con bailes ata altas horas da madrugada; ten habido verbenas, pero hoxe redúcese a pouco máis que unha misa de semana ou mesmo xa non se celebra nada). Cómpre lembrar que en 1607 xa existía unha confraría dedicada a este santo.

**San Sidro** (15 de maio), o patrón dos labregos. Había unha comida familiar un pouco mellor cá dos outros días; ten habido verbenas, pero hai moito tempo que xa non. Uns anos si, uns anos non celebrábase misa solemne, non se adoitaba traballar con animais ese día).

**As Dolores** (último domingo de maio), Virxe á que se venera para sandar todos os males estraños. Hoxe segue tendo verbenas e festas profanas con pasarrúas e misa solemne con procesión deica o cruceiro situado fóra do adro, ó oeste da fachada do templo; é a única que conserva estas manifestacións musicais, aínda que non todos os anos.

**Santo Antonio** (ó día seguinte do das Dolores). Misa solemne e continuación dos actos do primeiro día.

A **Virxe do Rosario** (último domingo de setembro), festa que perdeu toda a importancia que tiña non hai tanto tempo, pois agora redúcese a unha misa grande e algúns anos a unha comida familiar; ás veces, nin iso.

## 12.- INVENTARIO DOS BENS DO PATRIMONIO DA PARROQUIA DE GÁNDARA (SEGUNDO O *PXOM*)

| Arquitectura                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | Arqueoloxía                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.- Igrexa parroquial<br>2.- Cruceiro en igrexario<br>3.- Cruceiro en Quintáns<br>4.- Cruceiro no Sisto<br>5.- Cruceiro da Misión Franciscana<br>6.- Casa reitoral de Gándara<br>7.- Casa do Vinculeiro (Parga)<br>8.- Casa, alpendres e hórreo. Xesta<br>9. Casa na Mosqueira<br>10.- Casa, alpendres e hórreo (Vilar Ramilo)<br>11.- Fonte de Vilaestévez<br>12.- Muíños do Rabiñoso<br>13.- Hórreo da casa reitoral<br>14.- Hórreo preto da igrexa<br>15.- 4 hórreos en Quintáns | 16.- O castro dos Faustinos (Vilaestévez)<br>17.- Castro do Bico da Cruz/ Castro das Cortellas<br>18.- Mámoa das Minas de Vilaestévez<br>19.- Mámoa de Pedra da Lebre ou de Canle Pidu (sic)<br>20.- Mámoa da Mina ou da Pedra da Lebre<br>22.- Xacemento de Agra da Cruz (Quintáns)<br>23.- Torres do Surribado ou de Boén<br>24.- Mámoa do Picón de Doeña<br>25.- Mámoa do Cruceiro de Caión<br>26.- Mámoa do Seixo Branco<br>27.- Mámoa do Picón Vello<br>28.- Mámoa da Chousa do Crego<br>29.- Mámoa do Bico da Cruz<br>30.- Mámoa do Cedreiro<br>31.- Mámoa de Pedras Grandes<br>32.- Túmulo das Avenelas<br>33.- Túmulo da Máquina Vella<br>34.- Xacemento de Socotro<br>35.- Xacemento da Mosqueira<br>36.- Xacemento do Rumbado<br>37.- Mamoela<br>38.- O Castro. Agra Nova |

## 14.- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- CABEZA QUILES, F. (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e significado*; Edicións Xerais, Vigo.
- CASAL GARCÍA, R. (1979): “Notas acerca de unos hallazgos en la posible villa romana de Gándara (Zas, A Coruña), en rev. *Gallaecia* nº 5; Edicións do Castro, Sada.
- DOMÍNGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas”, en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Los caminos medievales de Galicia*; Ourense.
- LAREDO CORDONIE, J. M<sup>a</sup> e X.M<sup>a</sup> LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da Morte, Vimianzo.
- LEMA SUÁREZ, X.M<sup>a</sup> (1993): *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X. M<sup>a</sup> e C. FERNÁNDEZ CONCHEIRO (2010): *O hórreo atlántico ou fisterrán. Cabazos e cabaceiras da Costa da Morte e Barbanza*; Seminario de Estudos da Costa da Morte, Vimianzo.
- LEMA SUÁREZ, X.M<sup>a</sup> (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M<sup>a</sup> REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- NAVAZA BLANCO, G. (2006): *Fitotoponimia galega*; Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.
- SORALUCE BLOND, J. R. e X. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (directores) [1998]: *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. X. Comarca de Terra de Soneira e Xallas: [concellos de] Camariñas, Mazaricos, Santa Comba, Vimianzo e Zas*; Departamento de Composición da Universidade da Coruña / Deputación da Coruña.

### Outras obras de carácter xeral:

- CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del Reino de Galicia* (dir. por F. Carreras i Candi), vol. VI; Barcelona.
- CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).
- HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago.
- ILG (USC): *Cartografía dos Apelidos de Galicia* (<https://ilg.usc.es/cag/>)
- MADDOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.

### Páxinas web (Reportaxe da TVG sobre O Rabiñoso)

- <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/a-revista-3141246>